

sarria

A Noite Meiga, organizada por Meigas e Trasgos, volve aos últimos días de agosto. **Pax. 8**

tricastela

O Goberno local vai mellorar a contorna do monumento ao peregrino. **Pax. 9**

o páramo

Instalada unha fonte ornamental na praza de acceso ao centro social. **Pax. 10**

paradela

A Ruta do Camiño Vello de Al-dosende será mellorada ao instalar nova sinalización. **Pax. 10**

láncara

Rematada a obra de humanización da rúa Benigno Quiroga da Pobra de San Xiao. **Pax. 11**

Madrugada de San Xoán

A vila conta cunha forte tradición onde se mesturan antigos ritos ao lume e á natureza con xantares populares, música e espectáculos



As Cavarcas unen á veciñanza

Falamos con José Moscoso, presidente da asociación cultural do Incio. **Pax. 13**

A Deputación inviste en servizos

Aprobadas as partidas para a dotación de servizos e apoio ao sector primario. **Pax. 14**

Complétanse os ascensos deportivos

A SD Sarriana xogará en Terceira Federación e O Incio Terra Brava farao en Segunda Galicia. **Pax. 22**

Ribela Love&Nature



16 grupos e artistas musicais aterran en agosto na vila de Sarria. **Pax. 5**

Lume de San Xoán



A Asociación Patacas Novas organiza, un ano máis, a fogueira o día 23. **Pax. 11**

Verbena Fest



Os organizadores están preparando a V edición, que terá lugar este verán. **Pax. 8**

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

SARRIA

Espectáculos, música e diversión

Do 23 ao 27 de xuño Sarria será unha gran festa popular na que todo xira ao redor do San Xoán e do solsticio de verán

A gran festa de Sarria, o San Xoán, volve á vila os vindeiros 23, 24, 25, 26 e 27 de xuño con diversas actividades.

O 23 de xuño, o primeiro día deste evento, terá lugar o pregón desde a Casa do Concello da man de Abraham Cupeiro, o músico, compositor e creador de instrumentos sarriá que tivo os seus inicios na Asociación Meigas e Trasgos e na banda de música de Sarria.

Durante a xornada do 23 de xuño, despois do pregón, a Asociación Meigas e Trasgos e a Asociación Peleriños organizarán un baile con música na que tocarán dúas ou tres pezas para que todos os grupos que forman parte das asociacións actúen na rúa, tanto pequenos como maiores.

Esta iniciativa nace, por unha parte, para ofrecer un espectáculo de música tradicional galega e propia de Sarria a todos os habitantes da vila e aos turistas e peregrinos que se acheguen ao San Xoán e, por outra, como unha maneira de que as dúas asociacións, aínda tendo filosofías distintas, "poidamos transmitir a cultura galega colaborando xuntos", defenden desde Meigas e Trasgos.

Xa na noite do 23 de xuño, a Noite do Lume, o campo da feira acollerá unha gran queimada, que virá acompañada de degustación gastronómica, así como unha fogueira, un espectáculo relacionado co lume e música, coa banda Charleston Big Band e Os Parentes, que actuarán na rúa Castelao de Sarria. Con respecto ao día 24 de xuño,



despois da Noite do Lume, este é o día do patrón e polo tanto festivo local en Sarria, no que terá lugar unha procesión e os músicos da Asociación Meigas e Trasgos tocarán na Sociedade Cultural La Unión. Á noite, para seguir amenizando as festas, as orquestras New York e Marbella serán as protagonistas.

Durante o día 25, domingo, haberá un pasacalles e un desfile de cabezudos e Pampónigas que, ademais de entreter ao público infantil, fará que visitantes e peregrinos se abraien coa cultura sarriá. Pola noite, a festa seguirá con dúas grandes orquestras que amenizarán con música a xornada, a París de Noia e a Olympus, que pecharán o



fin de semana festivo.

Porén, a festa non rematará aquí, xa que o día 26, luns, virá forte coa actuación de Panama Band e da orquestra recoñecida mundialmente, a Panorama, que porán a música a resoar en toda a vila.

Xa chegando ao final das actividades, o último día das grandes festas do San Xoán, o martes 27,

o mago Roberto Lolo actuará ás 19.00 horas cun espectáculo de maxia dunha hora gratuíto ao que poderán asistir todos os públicos. Lolo sostén que "será un show divertido, un clásico meu, que traerá novidades e será unha función participativa con distintos estilos de maxia". Por último, o día rematará coa actuación de Os Satélites.

ARQUITECTO TÉCNICO

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
CERTIFICACIONES / INFORMES
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

“Non hai máis patria que a infancia e levo Sarria comigo”

Abraham Cupeiro dará o pregón das grandes festas patronais de San Xoán

Cando comezou o seu amor pola música?

Eu comecei a sentir esta paixón pola música cando escoitaba música de diferentes estilos no coche do meu pai e medrei coa mente aberta cara a diferentes estilos de música. A nivel práctica, comecei en Meigas e Trasgos e na Banda de Música de Sarria, xa que non había conservatorios. Así, na Banda de Música comecei a miña traxectoria como músico profesional. Estas dúas son institucións ás que lle agradezo que estiveran aí para que a vocación se puidera levar a cabo.

A recuperación de instrumentos “perdidos” é o que lle define como artista, en que consiste?

Esa recuperación de instrumentos é unha necesidade que me xorde ao buscar estas esencias do pasado e é un pouco o punto que me define como artista. Pero saen diferentes disciplinas, non só se recuperan os instrumentos, senón que hai que compoñer a música para eles porque non existe. Eu fago algo novo e dáche pe a reproducir un estilo musical novo. Construír instrumentos é a disciplina da interpretación: entender como funcionaban e facer un espectáculo que emocione á xente, que é a principal finalidade da música, xerar emocións en quen escoita. **Estudou trompeta e ademais é unha das poucas persoas capaces de tocar o Karnyx, podería dicirse que é a trompeta o seu instrumento preferido?**

Non contemplo ningún instrumento como preferido porque cada un é un pincel diferente que nos axuda a debuxar as ondas sonoras de formas diferentes; o trazo pode ser máis fino ou máis grosso, hai instrumentos que fan eses matices moi ben. A pesar de

non ter ningún preferido, si hai dous importantes: o karnyx, pola forma que ten e polo seu son evocador, e o único que non é meu, a Corna de Carlos Tallón, instrumento que lle dá veracidade ao meu proxecto musical e que foi atopado no monte Padriñán, que é como levar unha peza de museo polo mundo.

Cal foi o instrumento máis difícil de tocar?

Digamos que os instrumentos que máis me custaron son interventais e de orixe persa, por estar máis afastados do que estaba acostumado a facer. É facer soar e tamén aprender a falar con el. A intelixencia artificial pode aproximarse a estruturas cla-

lando polas viaxes que facía polo mundo e no 2006-2007 xa tiña unha colección decente de instrumentos, polo que decidín facer a miña primeira exposición no Vello Cárcere. A partir de aí seguí incrementando esta colección, que moitas veces está en maletas e adoitan ver a luz a onde vou tocar, xa sexa Finlandia ou Alacante.

Bota de menos o seu pasado ligado a Sarria?

Digamos que tampouco o boto tanto de menos porque sempre está dentro de min, convive comigo a diario. Non hai máis patria que a infancia e é algo que se queda dentro, non hai que estar alí pre-



ras, pero para aprender a falar cun instrumento necesitas capacidade orgánica humana. Unha vez que o dominas, é como andar en bicicleta. **Ten unha colección de máis de 200 instrumentos de todo o mundo, onde os recolleu e onde os ten gardados?**

Os instrumentos funos recompi-

sente, é como un bo amigo, se non nos vemos, as cousas están igual. Hai anos tiven morriña, pero cando volvo si que me gusta recordar momentos de máis novo. É un punto cardinal que habita en min, pero que non necesito ir para acordarme del.

Este ano será o pegoiro das



grandes festas de Sarria, o San Xoán, como se sente?

É un orgullo para calquera sarriao que lle dean esta oportunidade de dicir algo no día das festas do pobo de San Xoán, pero tamén unha responsabilidade porque quero facelo ben. Quen máis feliz está é a miña nai porque por fin vou pasar as festas con ela.

Vai dar un concerto ou ter algunha actuación proximamente na súa vila natal?

Non, en principio non porque están todos os compromisos deste ano saturados, e coido que para facer algo en todos os sitios hai que facelo con todo o respecto e cariño, e na túa vila hai que facelo de forma especial e o tempo é o que é. Se fago algo sen traballar prefiro non facelo, entón este ano en principio non.

Ten contacto con asociacións musicais da súa vila?

Non teño relación, pero si sei que están nun momento moi curioso e bonito polas ganas de facer música e é algo que observo desde a distancia como algo que ten moita vida e vexo como a xente se xunta para xerar proxectos e desfrutar coa música, que é unha acción moi bonita, porque a música axuda a que a xente se sinta partícipe dun proxecto común. Aínda que non teña relación, teño admiración

cara a ese movemento.

Bota de menos algo na vila no aspecto musical?

Si que me parece cando menos un tanto estraño que na nosa vila, coa forza que ten na economía e nos músicos, non haxa un auditorio en pleno século XXI, non lle atopo ningunha explicación. Falta un edificio que sexa digno para poder facer música, Abraham Cupeiro pode tocar en calquera sitio, pero non temos un auditorio ou teatro onde capitalizar todas as accións de proxectos que existen, teño ido a vilas que son unha cuarta parte de Sarria e teñen un auditorio. Non só creo que deban ser as institucións quen o promovan, senón tamén a cidadanía debería facer ver que é necesario.

Que proxectos ten de cara ao futuro en canto á música?

Cando constrúes instrumentos hai formas que quedan nun recuncho e gustaríame facer unha exposición de instrumentos experimentais que fun creando. Son esculturas sonoras e gustaríame que viran a luz para que a xente vira o proceso e que ás veces déixome levar e fago algo máis abstracto, que non ten unha finalidade clara, senón que é polo mero gusto de xerar formas que tes na cabeza e que co golpe do martelo van saíndo, como se fora unha exposición de arte.



Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398





AUDÍFONOS SIEMENS
A MEDIDA
CON PILAS O RECARGABLES




**FINANCIACIÓN
hasta 18 meses
sin intereses**

¡PRUÉBELOS SIN COMPROMISO!

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com

A campaña da ACES 'Miña nai querida!' xa ten gañadora

Catarina Teixeira foi a mamá premiada da campaña ¡Miña nai querida! da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES)- CCU despois de que a primeira premiada renunciara ao premio.

Así, grazas a unha compra na Xoguetería Don Dino Catarina poderá disfrutar dun fin de semana para dúas persoas nun balneario da provincia de Lugo en réxime de media pensión.

Ricardo Arias, presidente da Asociación de Comerciantes e Empresarios – CCU de Sarria, foi o encargado de entregar o premio dunha campaña celebrada para poñer en valor o papel das nais na sociedade.

Carlos Gómez presenta o seu proxecto 3SX3SO no Casino de Sarria

Carlos Gómez presentará o seu proxecto musical en solitario, 3SX3SO, no Casino de Sarria o vindeiro 24 de xuño. Esta iniciativa, promovida pola Asociación Ribela, terá lugar ás 21.00 horas e a entrada será gratuíta para todos os asistentes. Así, será como unha festa de presentación do festival para “quentar motores”, como explican desde a organización.

CARLOS GÓMEZ. Ademais de promover a festa de electrónica Bulla Barulla xunto a Marta Gilino (Russ) e Amara García, formou parte doutras agrupacións musicais como Trifulca, xunto a Guillermo Caverro (Yuraq Walla). No seu novo directo de electrónica combina percusións dixitais e síntese por modelado físico cunha intención minimalista.

O BNG e o PP denuncian o estado dos espazos urbanos e das zonas verdes da vila

O BNG denuncia o estado dos espazos urbanos e das zonas verdes de Sarria, cuxos coidados din ser “moi deficientes”.

“Chega con dar un paseo polo Malecón e ver como loce sucio e descoidado, con moito mobiliario urbano deteriorado ou roto que non se repara. Pero non só o Malecón, senón que podemos ver como as varandas que nos levan ao Parque do Chanto están rotas”, explica, Efrén Castro, voceiro do partido nacionalista sarriano.

“Observamos tamén como locen case como unha selva moitas das zonas axardinadas que hai nas nosas rúas, como poden ser as zonas do Boulevard e por non falar do paseo das Aceas, que está completamente deteriorado, ou varios dos parques infantís...”, enumera Castro.

O nacionalista asegurou que “cando cheguemos a alcaldía nos 60 primeiros días acometeremos un plan de limpeza e acondicionamento tanto dos espazos urbanos como das zonas verdes”.

Así, di: “Non podemos ter un goberno pasivo ante o deterioro do noso concello”. Finalizou dicindo que “o coidado da nosa vila é vital para nós e faremos que Sarria estea como se merece”.

PP. O Partido Popular expón dúas das contornas da vila que, para eles, están “mal mantidas” polo goberno local de Sarria.

En primeiro lugar, din que o xardín vertical da rúa Maior “languidece abandonado, sen mantemento e medio estartalado”. Din que, despois de executarse hai dous anos, “dá unha imaxe deplorable, froito da desidia municipal, ante os ollos de centos de peregrinos diarios en pleno Camiño Francés”.

Por outra parte, critican o estado dun edificio apuntalado no Chanto, que leva así desde outubro de 2020. Explican que Garrido prometera un proxecto de recuperación da zona, pero “a día de hoxe segue abandonado e ninguén coñece ningún proxecto nin idea sequera”.

Parte da colección do Museo Paixón Motor Slot está exposta

Julio Páramo ten exposta na entrada da piscina climatizada de Sarria unha colección de pilotos de coches e motos que forman parte do seu proxecto Museo Paixón Motor Slot.

Desde a pasada concentración moiteira organizada por Sarria Bikers, o enxeñeiro decidiu expoñer parte da súa colección de pezas slot relacionadas con este evento de motos nal-

gún lugar, polo que falou co Concello de Sarria, quen lle deixou expoñer en vitrinas estas figuras en miniatura.

Así, ata o 18 de xuño estará exposta na piscina de forma aberta e gratuíta para calquera persoa que lle interese botarlle un ollo. Se algunha persoa quere, ademais, unha visita guiada, pode pedir cita a través do contacto que aparece na páxina web.

Sarricanta, Cantareiros da Unión e a Banda de Antas de Ulla protagonizarán un concerto

O 17 de xuño terá lugar o Concerto de Remate de Primavera en Sarria, no que o coro Sarricanta e os Cantareiros da Unión actuarán na Sociedade Cultural La Unión ás 19.00 horas.

O evento acollerá, ademais, a actuación da Banda de Música de Antas de Ulla a partir das 19.30 horas, que tamén participará deste evento de Remate de Primavera en Sarria. Esta iniciativa encádrase no marco do Tradigalu, o programa de conservación, promoción e difusión da riqueza musical da Deputación.



Os nenos poderán disfrutar dun campamento de verán

O Centro Educativo e de Necesidades Educativas Especiais Creados abriu as inscricións para o seu campus de verán para nenos a partir de 3 anos.

Este terá lugar desde o vindeiro 26 de xuño ao 7 de setembro desde as 10.00 ata as 14.00 horas, aínda que tamén contarán cun servizo de madrugadores a maiores para os que o soliciten a partir das 9.00 horas.

Así, os grupos serán reducidos e diferenciados, elaborándose dous grupos en horario de mañá e as prazas son limitadas, polo que desde Creados animan a ir reservando praza no número de teléfono 626 218 628.

As actividades do programa do campamento de verán levaranse a cabo no xardín do centro cando as condicións climáticas o permitan da man dos distin-



tos profesionais que colaborarán este verán, entre os que se atopan especialistas en inglés e en lingua de signos.

Con respecto á programación, esta basearase nunha temática semanal, levándose a cabo obradoiros e manualidades e xogos de auga, xincanas e algunhas visitas sorpresa.

Empresa especializada en traballos verticais



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparacións de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas e patios de luces
- Traballos confinado e en altura en industria
- Ademais disponemos de servizo de desatascos 24h



Os nenos da EEI Xela Arias recolleron o premio do concurso 'Cantamos coas mans'



A Escola de Educación Infantil (EEI) Xela Arias de Sarria conseguiu o premio do concurso Cantamos coas mans, coa canción infantil *Don Ramón de Magín Blanco*, na que participaron todos os nenos mostrando a súa capacidade para utilizar a linguaxe de signos.

O concurso, convocado pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, contou

coa participación de 41 centros educativos de Galicia, pero foron os 80 nenos adscritos ás escolas infantís sarriás os que conquistaron ao xurado da Federación.

Así, durante a canción *Don Ramón de Magín Blanco*, os nenos e nenas sinalaron en linguaxe de signos tal e como se lles ensina na escola, xa que contan cunha intérprete que está presente en diferentes actividades.

A Trienal Sarria da Asociación Cultural Huhú foi presentada

A Asociación Cultural Huhú presentou o seu novo proxecto, a Trienal Sarria, nun acto acollido polo espazo multidisciplinar O Garaxe e no que participaron veciños de Sarria, colectivos, axentes culturais e organizacións políticas e sociais.

Así, a liña principal de traballo de Huhú durante este e o vindeiro ano é recuperar a bienal de Sarria, aínda que transformada en trienal. Esta será probablemente en outubro de 2024, pero entre cada unha destas exposicións, a asociación organizará outros actos. Ademais da Trienal,

queren facer unha "mostra-mosaico" con actividades culturais de asociacións e organizacións da comarca nun espazo "senlleiro", como pode ser o campo da feira, aínda que non está pechado. Outra das iniciativas que a asociación prevé en 2024 é unha exposición cunha selección de artistas, enfocada á produción de arte contemporánea.

Por último, propoñen organizar a primeira edición dun concurso para novos artistas, xa que desde a asociación xa están en contacto con universidades de Belas Artes.

O Festival Ribela Love&Nature, que será en agosto, non conta co apoio do Concello de Sarria

Os organizadores do Festival Ribela Love and Nature de Sarria, que terá lugar os vindeiros 18 e 19 de agosto, presentaron o cartel definitivo no que se poden ver todos os grupos musicais que actuarán neste evento.

Así, serán 16 grupos e artistas musicais os que actuarán no festival: Rayotaser, Maria Grep, Blanco Palamera, Valdivia, Aparato, Fábrica de Espejos, Moreno Moreno, Annie Hall, Dalila, Fonkid, Hidden Raposo, Jorginho, Aldonna, Viktor Flores, Certain People e Jack Wasfaster.

A pesar de ter moitas ganas e ilusión de celebrar este festival, desde a asociación cultural que organiza esta segunda edición aseguran que non contan co apoio da Concellería de Cultura.

Explican mediante un comunicado "a situación á que se enfrontan os festivais da vila con respecto ás axudas económicas que o Concello de Sarria destina a estes eventos, que non é equitativa", denuncian. Din que, desde que se anunciou a segunda edición do festival, xa en xaneiro, intentaron contactar coa Concellería de Cultura en máis de 20 ocasións, tanto de forma presencial como telefónica, pero "a resposta foi cero".

Así, sosteñen que "mentres que non recibían á nosa asociación, os demais organizadores de eventos de toda índole foron recibidos, apoiados e patrocinados polo Concello de Sarria".

ENTRADAS. Xa están dispoñibles as entradas para o festival. Así, as persoas que vivan en Sarria ou



pasen pola vila, poderán mercar as entradas no Casino ou no Bar Xarope e para as persoas que vivan fóra de Sarria, terán que entrar na páxina web do Festival Ribela Fest e mercalas.

Ademais, na web poderanse mercar, a maiores das entradas, diferentes obxectos e roupa coa marca Ribela en forma de 'merchandising'. As persoas interesadas, tamén, poderán seleccionar aquí a opción de vivir a experiencia do camping xunto cos concertos.

Por outra parte, desde a organización lembran que se pode aproveitar o código de desconto da edición pasada que, explican, "se non recibiches o código ou te despistaches, aínda podes enviarnos unha mensaxe directa e contestáremosche co código para utilizar no momento da compra".

Con respecto ao prezo das entradas, estas serán de 25 euros na superpromo, de 30 euros na promo e de 35 euros nas entradas anticipadas. Pola súa parte, o prezo de acampar dous días será de 15 euros.

Carmen José López denuncia o estado no que se atopa o rural

Carmen José López, voceira do Partido Popular no Concello de Sarria, continúa denunciando o estado no que se atopan diferentes infraestruturas do municipio, neste caso da zona rural. Así, expón que o rural "está abandonado, como se ve no collexio de Santo Estevo de Lousadela e o merendeiro de Manán", explicou. "Queremos un rural vivo, coidado e conectado!", sentenciou.

Ademais, resalta que "nada serve levar viños na campaña, o que hai é que levar servizos e atención durante os catro anos", xa que lle dá "mágoa ver o descoidado que está e estivo o rural nos últimos anos".

Un novo número da revista Macheta publicarase en xuño

A Asociación Cultural Huhú anuncia que neste mes de xuño levarán a cabo a publicación dun novo número da revista Macheta.

Esta revista contracultural, como a define o colectivo, existiu no ano 1995 e saía de maneira esporádica, sen unha periodicidade establecida e era o colectivo Teixo o encargado de publicar esta revista, que chegou a ter seis publicacións e repartíase de maneira gratuíta. A Macheta recollía aportacións gráficas e escritas de diversa índole "cun elenco de colaboradores transversal que fuxía das habituais concepcións de calidade ou profesionalismo", explican desde Huhú.




“Gústanos que os nosos clientes leven os mellores produtos”

Marisa Arias é a encargada de Electronova, situada na rúa Nova, 56

Como xurdiu Electronova?

No ano 2007, cando a miña filla fixo os 18 anos, eu pensei en ter unha actividade laboral para estar entretida e como o meu marido é electricista, decidimos montar a empresa Electronova como unha forma de complementar o seu traballo. Decidimos poñelo en marcha en Sarria porque nós somos de Sarria e xa tiñamos un local habilitado para poder abrir aí a tenda, pero non foi un motivo de necesidade na vila, xa que hai máis tendas como a nosa e cada unha ten as súas características. O que si é certo é que nós levamos a cabo un trato moi personalizado cos nosos clientes e, incluso, poderíamos dicir que un trato familiar, xa que eu quero que os clientes formen parte da miña vida e que se sentan ben e que sentan que estamos pendentes do que necesitan.

Que servizos ofrecen?

Ofrecemos diversos produtos para a casa, como son electrodomésticos, sistemas de iluminación, tanto de electricidade como de decoración, tamén e utensilios do fogar (enxo-

val). Así como temos robots de cociña, frixideiras de aire e cafeteiras automáticas. Ademais, ofrecemos todo o servizo técnico deses produtos, así como vendemos en tenda, pero tamén a domicilio con custo 0. É dicir, nós encargámonos de todo, a menos que teñamos que facer unha instalación ou algún traballo de fontanería ou electricidade que non poidamos facer, nese caso si que contratamos a algún autónomo. As persoas que compran un electrodoméstico van ter a facilidade de poder dispoñer del na súa casa sen que lle cobremos nada por levarlo e normalmente facémolo nós, xa sexa eu ou o meu marido.

Que tipo de electrodomésticos teñen?

Temos lavalouzas, lavadoras, neveiras, frigoríficos, secadoras, fornos eléctricos... E traballamos con todas as marcas do mercado, sobre todo coas mellores do mercado, as que non nos dean problemas e mellor servizo técnico ofrezan. Nós queremos que os produtos que vendamos non nos dean problemas e teñan

servizo técnico en garantía para ofrecer o mellor aos nosos clientes e que confíen en nós. Concretamente, as que temos e que menos problemas dan son as dos grupos Balay, Bosch, Siemens, LG, Teka e Beko.

De que tipo de sistemas de iluminación dispoñen?

Temos material eléctrico e iluminación decorativa, como lámpadas, flexos, todo tipo de bombillas e iluminación técnica. Neste caso, confiamos nas marcas Schuller e Electron, entre outras.

Que novidades hai no sector?

Como novidades, acaban de chegar-nos unhas lavadoras marca Siemens 700, que, ademais de dosificar, calculan a hora á que tes que poñer a lavadora segundo o gasto na túa factura da luz, o tempo que vai tardar, a cantidade de auga que vai usar, a cantidade de xabón que necesita... É unha pasada e xa vendemos unha. Ademais, tamén nos chegou un novo tipo de secadoras Tripla Plus con funcións parecidas ás das lavadoras, pero neste caso da marca LG, e que son híbridas. Estas permiten



unha capacidade de 10 quilos. Outra cousa nova que saíu é o mesado con extracción incorporada, que iso é moi novo e é moi interesante para as cociñas, como os fornos a vapor, que cada vez están máis de moda para comer máis saudable. Tamén temos frigoríficos máis grandes do normal, con capacidade XXL, e como novidade, agora os lavalouzas traen todos unha aplicación para que os poidas controlar desde o móbil.

Como é o trato cos clientes?

Como comentaba ao principio, nós intentamos ter un moi bo trato cos clientes. Temos moitos clientes fieis porque aquí trátase de, ademais de vender, tratar dunha forma moi familiar á xente. É máis, hai xente que xa non vén á tenda, chámame e dime que necesita algo e lévollo. Eu

o que mais valoro é que confíen en nós, xa que estou convencida de que as cousas van saír ben. Non me gusta enganar aos clientes, polo que sempre son sincera para que se sintan a gusto. Se eu lle digo a alguén que merque unha lavadora LG non é porque eu gañe máis vendendo esa lavadora, senón que é a mellor opción. Gústame asesorar aos clientes porque quero que eles se vaian co mellor e coas súas posibilidades económicas. Eu axústome ao que me piden. Cando eu vou a unha tenda pequena, o que me gusta é o trato personalizado e que me asesoren e me digan a verdade, e é o que eu trato de facer cos meus clientes. Para min iso é prioritario porque me gusta que mo fagan e é o que eu fago na miña tenda.



MÚSICA. O alumnado do IES Gregorio Fernández, para complementar o proxecto Historia da música galega. Ponlle a orella!, organizou un obradoiro de música tradicional galega impartido pola percusionista Carme López.

Máis de 250.000 euros para ampliar a biblioteca do IES Xograr



A biblioteca do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria acollerá obras para ampliar a súa capacidade e duplicar a superficie das instalacións, que pasarán de 90 a 200 metros cadrados.

Os traballos, adxudicados á empresa Cíes Obra Civil SL por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que investirá 267.912 euros do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nesta execución; durarán tres meses e medio.

Así, as novas instalacións acollerán catro espazos distintos dentro da mesma sala: unha parte para o estudo, outro para unha zona de traballo en equipo, un habitáculo de lectura relaxada e outra de polos creativos.

O obxectivo é que a biblioteca sexa un espazo máis multidisciplinar no que organizar actividades como xa fan na actualidade. A intención das obras, que esixirán que cambien de sitio o despacho de dirección e a xefatura de estudos a unha antiga sala de informática, é rematar con elas aos comezos do vindeiro curso escolar, en setembro de 2023.

MONTAJE DE MUEBLES

Lito

MUDANZAS

Decoración • Reformas • Pintura
Montaje de muebles

602 417 542

Vazquez Autos

Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano. Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

O grupo Louband presenta un novo single



O grupo Louband de Sarria presenta a súa nova temporada de música co lanzamento dun novo single, co que encabezará a súa sexta xira. O tema consiste nunha compilación de grandes éxitos do Xabarán Club, por iso déronlle o nome de 'Xeración Xabarán', arraxada por Iñaki L. Campo e gravada no estudo que o grupo ten en Sarria.

Esta canción pasa por catro dos grandes hits do Xabarán: "Somos do Clube dá Galega", a cabeceira do programa realizada por Julián Hernández de Siniestro Total, "Prefiro Bailar Twist", tema interpretado na súa versión orixinal

por Manuel Manquiña, "Estou na Lavadora" de O Caimán do Río Tea e "Non Todo é ou que Parece", de Aerolíneas Federais.

Esta canción está inspirada no clásico programa da TVG, xa que os compoñentes do grupo se senten identificados coa súa música e non dubidan en que será do agrado de todos os seus oíntes.

O tema será presentado en plataformas dixitais e incluírá como portada para a mesma un debuxo dos membros de Louband, realizado pola artista sarriá Kogarashi, que evoca ás series de debuxos animados.

Meigas e Tragos celebrará a Noite Meiga a finais de agosto

Volve a Noite Meiga a Sarria organizada pola Asociación Meigas e Tragos aos últimos días de agosto cun programa de actividades semellantes a edicións anteriores, con tres días de actividades, e non como no ano 2022, que foi "un ano excepcional por celebrar o 50 aniversario", explican desde o colectivo.

Así, durante os días 25, 26 e 27 de agosto haberá diferentes actividades relacionadas co lume, coa música, co baile e coa cultura galega transmitida a través da asociación, que fai actividades deste tipo todo o ano, pero durante estes días transmíteo á sociedade da vila sarriá.

Desde a asociación dan unhas pinceladas do que será o programa, aínda que quedan cousas por confirmar, que comezará o 25 de agosto cunha andaina con fochas, que sairán desde o malecón e chegarán ao Parque do Chanto coa novidade de que este ano os nenos tamén pode-



rán levar focha. Despois da andaina e o pasarrúas, rematará o día coa actuación do grupo Luar na Lubre.

Xa o día 26, a previsión é que haxa un pasarrúas pola tarde, que sairá desde o Cruce Cuatro Caminos e que chegará ata o Parque do Chanto para dar lugar, ao final da tarde, ao pregón e as actuacións de todos os grupos que conforman Meigas e Tragos. Despois, terá lugar a cea de

Meigas e Tragos e, despois dela, a Danza da Noite Meiga, que rematará coa actuación do grupo musical LouBand.

Por último, o domingo 27 comezará xa ao mediodía coa celebración do Día da Empanada, que virá acompañada dunha comida pública e a sesión vermú. Por último, durante a tarde terá lugar a Tardiña Meiga, na que os máis pequenos poderán desfrutar de actuacións específicas para eles.

As piscinas do Chanto acollerán os cursos intensivos de natación

Xa está aberto o prazo de inscrición dos cursos intensivos de natación para nenos e adultos das piscinas do Chanto.

Estes cursos impartiranse de luns a venres e por quincenas, ademais de que se conformarán 14 grupos divididos por idades e segundo o seu nivel.

Así, os adultos contarán con clases de iniciación e de perfeccio-



namento e os nenos poderán decidir entre iniciación, aprendizaxe e perfeccionamento. Ambos están orientados a que os participantes collan soltura na auga.

Así, as persoas interesadas en participar desta formación, que terá lugar en xullo e agosto, poderán reservar a súa praza na recepción do centro deportivo e de saúde sarriao.

O V Verbena Fest xa ten data de celebración e artistas


Os organizadores do Verbena Fest xa están preparando a V edición que terá lugar este verán, os días 4 e 5 de agosto e que trae varias novidades.

O primeiro é Malenne, o grupo monfortino que se fundou no 2020 e que canta versións indie e pop rock español nos seus concertos.

Pola súa banda, o segundo grupo que actuará a primeira fin de semana de agosto será Duín, un grupo folk da Costa da Morte que em-

prega a lingua galega para facer un percorrido por terras indoeuropeas e mareas irlandesas.

Ademais destas novidades, este ano contarán cun novo escenario, a 'carballeira do Meigallo', que acollerá as actuacións de balde durante o día do sábado, e durante todo o festival haberá postos de gastronomía local, mercados artesanais, mercados solidarios e actividades para os cativos.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com

As Árbores Senlleiras contarán cunha axuda de 4.500 euros

O Concello recibirá unha axuda de 4.500 euros para protexer, mellorar e conservar as súas Árbores Senlleiras. Foi a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia quen lle concedeu esta axuda económica ao concello da comarca sarriá.

Grazas a ela, o castiñeiro de Ramil e a nogueira do Camiño Vello de Triacastela, exemplares incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, serán coidadas.

NOGUEIRA. A Nogueira do Camiño Vello, con 9 metros de altura e 7 metros de circunferencia e cunha inclinación de 40º cara ao leste, enraizada directamente na rocha localízase ao carón da Casa da Ponte, vella ferrería onde en 1812 a Xunta Superior de Galicia instalou un hos-



pital de tránsito para atender a soldados enfermos que loitaban contra as tropas francesas durante a Guerra de Independencia.

O seu vasto toro e as súas cavidades, algunhas delas completamente abertas, mostran o inescrutabile

paso do tempo, as inxerencias do clima e dos insectos que nela habitan.

CASTIÑEIRA. Con máis de oito séculos de vida, a Castiñeira de Ramil existía cando Aymeric Picaud, autor do Códice Calixtino, realizou o Camiño de Santiago, unha antigüidade que se ve reflectida nos seus 9 metros de perímetro, 22 de altura e nunha estrutura chea de ocos imposibles e grosas pólas, que parecen abrazar a árbore. Esta impresionante morfoloxía, engadiu a directora xeral, semella unha “radiografía do paso do tempo”, á vez que lembrou que desde a súa privilexiada localización en Ramil, o castiñeiro dálle a benvida aos camiñantes que chegan a diario a Triacastela na súa peregrinación cara a Santiago de Compostela.

Vaise mellorar a contorna do monumento ao peregrino de Triacastela

O municipio de Triacastela recibiu unha subvención da Axencia de Turismo de Galicia de 13.335 euros para mellorar a contorna do monumento ao peregrino.

Así, construírse un muro e limparanse tanto as beirarrúas como as paredes para protexer a escultura de posibles efectos nocivos e conservala, xa que foi construída en 1965.

Destá maneira, a intención é a de poñer en valor a figura do peregrino, que é un símbolo institucional do Concello de Triacastela, no que a súa alcaldesa representa tamén á Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés.



A Furgoteca volverá os vindeiros 16 e 28 de xuño

A furgoteca, o novo servizo de biblioteca móbil, estará os vindeiros 16 e 28 de xuño o servizo da Furgoteca volverá a Triacastela para traer libros a nenos e adultos do municipio da comarca sarriá.

Así, o venres 16 de xuño comezará o seu percorrido ás 11.00 horas pola parroquia de Toldaos durante media hora, para achegarse ás 11.40 horas a Santalla de Alfoz.

Despois, a partir das 13.20 horas, Paula, responsable de Fur-

goteca, irá ata a parroquia de Viduedo e, despois, achegárase ata Lamas de Viduedo. Por último no día 16, a Furgoteca rematará na Praza do Concello de Triacastela, de 14.25 a 15.25 horas.

Pola súa parte, o mércores día 28 de xuño a Furgoteca estará na Praza do Concello en dous momentos, de 11.00 a 11.30 horas e de 12.30 a 15.00 horas, polo que as persoas interesadas en achegarse poderán facelo en diferentes momentos.

A Cova Eirós foi a protagonista dos Cazadores de Petróglifos 2023

A investigadora do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da USC, Tania Mosquera, deu unha charla titulada ‘Cova Eirós e a arte rupestre das últimas sociedades cazadoras recolectoras’.

Esta charla tivo lugar no Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, en Pontevedra, onde se celebrou a terceira edición Cazadores de Petróglifos.

Así, durante a súa exposición, a investigadora deu a coñecer as



investigación máis recentes das manifestacións gráficas do final do Paleolítico da cova de Eirós de Triacastela.

Ademais de Tania Mosquera, Miguel Carrero, doutor en Prehistoria e docente da USC; David Fernández Abella, investigador do grupo EcoPast da USC; Antón Bouzas e Luis Leclere, do colectivo A Rula; Rafael Quintiá, presidente da Asociación Antropolóxica Galega; e Fátima Martínez e Patricia Novas, do PARA; participaron do encontro.



INVESTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200

ANOS



o páramo

A praza de acceso ao centro social conta cunha nova fonte

O Goberno local vén de arranxar varias infraestruturas do municipio cos fondos da Deputación, entre os que destacan os acondicionamentos e pavimentos de estradas, para a mellora da calidade de vida dos veciños.

Así, a obra máis relevante foi a instalación dunha fonte ornamental na praza de acceso ao centro social do Páramo, que incluíu a realización da soleira de formigón para o asentamento da fonte. Esta obra levouse a cabo por alumnado do Obradoiro de Emprego Ponte de Areas VI.

Con respecto ao acondicionamento e pavimentación de rúas, o Concello levou a cabo estas obras no Camiño de Novás e no acceso ao Agro. No primeiro punto, o vial de Novás é un acceso a leiras de labor que, antes das obras, estaba en moí mal estado e tiña un ancho insuficiente para o paso de maquinaria. Por isto, ensanchoouse a rúa ata obter unha chaira de 4,50 metros mediante escavación e posterior saneo con material seleccionado con 40 cm de espesor, e a conti-



nuación pavimentouse cunha capa de 10 cm de espesor de saburra de canreira e 3,50 m de ancho.

Con respecto ao segundo caso, no acceso ao Agro realizouse un dobre tratamento superficial, previa corrección das deformacións existentes na chaira. Tamén se proxectou a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar que produzan danos no pavimento do camiño.

CAMIÑOS. Acondicionouse e mellorouse o camiño de Villeiriz a Guisande, que tiña un pavimento asfáltico deteriorado.

A obra 'Mariposas negras' será representada o 15 de xuño

O vindeiro 15 de xuño terá lugar na Casa do Concello do Páramo a representación dunha obra de teatro de Dinamia, o Teatro das Emocións.

A partir das 17.00 horas, esta obra de teatro social sobre a igualdade e a violencia de xénero acollerá ás

persoas interesadas en presenciarlo, xa que a entrada é gratuíta. Baixo o título de *Mariposas negras*, Miguel Fernández, creador da idea orixinal, e Tatyana Galán, autora do guiño e da dirección, contarán unha historia sobre violencia de xénero.

paradela

O Certame Manuel-Orestes Rodríguez López xa ten gañadores

O Concello de Paradela acolleu a celebración do fallo da XXVIII edición do Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López, promovido cada ano polo goberno local. O xurado estivo formado polo alcalde, José Manuel Mato; o crego Xesús Mato, o xornalista Xulio Xiz, o director de Galicia Digital, José Antonio Giz e Ángel Fernández, fillo predilecto de Paradela.

Nesta edición do certame presentáronse 879 obras, das cales 379 corresponden á categoría de poesía e 466 a narrativa, das que 34 son da modalidade especial do Camiño de Santiago.

A obra de poesía *As palabras son cinzas por soprar*, de María Soledad García Riveiro de Nigrán foi a



obra gañadora elixida polo xurado. Mentres, o segundo posto foi para Xoán X. Piñeiro Cochón, de San Martiño de Salcedo, coa obra *Os trapecios terreaís*.

Con respecto ás obras de narrativa, o primeiro premio foi para *Follas dun caderno de coiro marrón*, de Concepción Fernández López,

da Coruña; e o segundo foi para Gabriel Estelrich Torrens, de Barcelona; coa obra *Vamos con todo, Johnny*.

Por último, outorgouse o premio de mención especial Camiño de Santiago a Patricia Torrado Queiruga, de Porto do Son, pola obra 'Verba enxertada'.

Destinaranse 30.000 euros á Ruta do Camiño Vello de Aldosende

A Ruta do Camiño Vello de Aldosende de Paradela será mellorada ao instalar nova sinalización que completará a xa existente con máis paneis e indicadores en puntos de interese.

A Axencia de Turismo de Galicia destinará 30.000 euros para acometer estes traballos e mellorar a ruta que vai desde o núcleo de Aldosende e a desembocadura do río Loio.

Esta ruta foi construída co obxectivo de recuperar o antigo camiño que comunicaba Portomarín co núcleo de Aldosende de Paradela para poñer en valor



a zona e supuxo un desembolso de 150.000 euros a cargo de Enel Green Power, a filial de enerxías renovables de Endesa no marco da posta en marcha do parque eólico Serra das Penas.

Así mesmo, a ruta está habilitada desde 2020 e homologada pola Federación Galega de Montañismo, a segunda habilitada no municipio paradelense despois da do Loio-Ruxidoira.

86 persoas participaron na excursión a Portugal da Asociación Mulleres Rurais

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organizou unha excursión a Portugal na que participaron 86 persoas, tanto socias como non socias, para desfrutar dunha xornada en Vila Nova de Cerveira.

Así, visitaron esta cidade, desfrutando da feira e logo, ao mediodía, foron ata Valença para comer o típico bacallau. Pola tarde, visitaron Ponte de Lima, coñecida por ser un dos sitios máis antigos de Portugal e xa regresaron cara Paradela pola noite.



Desde a asociación indican que foi "unha experiencia interesante" e que o pasaron moi ben,

compartindo tempo con outras persoas e visitando lugares "fermosos".

Alfonso García
PSICONEUROINMUNOLOGÍA CLÍNICA

690 344 001 | [Alfonsogarcia.pni](https://www.instagram.com/Alfonsogarcia.pni)

Gran vía 31-33 entresuelo A 27600 Sarria

láncara

Val de Láncara entregou os premios do Certame do Día das Letras aos gañadores



Val de Láncara entregou os premios aos gañadores do Certame das Letras Galegas que convocaron para a participaron do alumnado dos centros educativos CEIP Plurilingüe do Páramo e o CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao.

Así, recolléronse os traballos de todos os participantes e un xurado, composto por un profesor de cada centro educativo, un mem-

bro do Concello de Láncara e un membro da Asociación Val de Láncara; levou a cabo a votación por ciclo para elixir as melloras obras.

Así, saíron os premiados que se recoñeceron durante o Día das Letras Galegas, xornada na que tamén estiveron expostos todos os traballos feitos polos nenos e nenas participantes no certame no colexio da Pobra de San Xiao.

Renovado o asfaltado da rúa Benigno Quiroga de Láncara



A rúa Benigno Quiroga da Pobra de San Xiao, en Láncara, quedou asfaltada e mellorada despois das obras de humanización financiadas polo Concello de Láncara e a Deputación de Lugo.

Así, os vehículos poderán circular por esta vía que anteriormente presentaba dificultades, como fochancas e desperfectos no pavimento, e agora será un paso máis accesible, cómodo

e seguro para peóns e condutores, xa que é unha das rúas máis concorridas da capitalidade municipal.

Ademais, de levar a cabo a renovación do asfaltado, tamén se instalaron pasos de peóns elevados, renovouse a sinalización horizontal e vertical e incorporáronse tres prazas adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

Lancaralendo Clubs de Lectura trae dous novos libros para este mes de xuño

A Asociación Cultural Val de Láncara presenta os dous libros que se lerán no mes de xuño na súa iniciativa Lancaralendo, despois de que en maio os elixidos foran *Panza de burro* e *Mariña*.

Así, primeiro clásico do Mirador dos libros, a iniciativa adulta, será *Madame Bovary*, de Gustave Flaubert, que se lerá en galego; mentres que no Val dos contos, iniciativa para público infantil, lerán *El pez de los deseos*, de Loek Koopmans.

Desde a Asociación Val de Láncara lembran que calquera persoa á que lle apeteza participar destes clubs de lectura, poderá facelo en calquera momento, tanto adultos como nenos. Estas actividades consisten en ler un libro e xuntarse ao remate da lectura na antiga escola para comentar temas ao redor dos libros.



MUVICLA. O Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria de Láncara recibiu o premio 'Desarrollo Agrícola, Ganadero y Turístico Rural' do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrícolas de Centro.

A Pobra de San Xiao desfrutará un ano máis do lume de San Xoán

A Asociación Patacas Novas organiza, un ano máis, a fogueira de San Xoán o día 23 de xuño na rúa Alfonso Cela da Pobra de San Xiao.

Esta xornada nocturna comezará ás 22.00 horas cunha cea conxunta no lugar onde se acenderá o lume conformada por empanada, xamón, churrasco mixto, postre e bebida para



os asistentes, que terán que pagar 28 euros por esta comida e reservar no Mesón do Neira.

A participación ao acendido do lume é gratuito e aberta aos veciños e veciñas de Láncara, que poderán desfrutar da actuación do DJ Miguel de Cendoi previa ás 23.59, cando será o momento do Lume Novo.

O Meigallo

Parque do chancho S/N

RESTAURANTE

CONCIERTOS

COMIDAS EMPRESA

MONÓLOGOS

EVENTOS PRIVADOS

NOITE MEIGA

web: terrazaomeigallo.com | Reservas: 697406098

#terrazaomeigallo

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

tu bienestar empieza AHORA!

Por Sólo! **448€**

GM216 Moderno aparador en tonos nórdicos de 168x90x41cm.

Por Sólo! **710€**

GM215 Apilable en tonos nórdicos de 268 cm de ancho, posibilidad de otras medidas y colores, pida presupuesto.

salones

¡Un Mundo de Posibilidades!

GRAN VARIEDAD EN MEDIDAS, COLORES Y CONFIGURACIONES

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

Muebles SINDIN

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297

Tel.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676

mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com

samos

A ANPA do colexio busca a forma de organizar un campamento

Desde a ANPA do Ceip Samos critican a innación do actual alcalde en funcións, Julio Gallego, por non pedir a subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para poder acadar os fondos necesarios para celebrar o primeiro campamento de verán que ía ter lugar en Samos.

Así, desde a Anpa din que “o actual rexedor de Samos deixa sen campamento de verán a máis de 20 nenos e nenas e, por tanto, que parte das nenas e nenos de Samos queden sen actividades de lecer este verán”.

Din que o actual rexedor en funcións, Julio Gallego, deixou pasar as súas obrigas de xestión, xa que o prazo para pedir a subvención vencía o 8 de xuño e, no caso de haber novo goberno, xa non poderán pedila.

“A súa falta de rigor e seriedade é un



chazo no camiño ás familias, xa que contaban con esta actividade para poder establecer unha maior conciliación familiar e laboral durante a temporada estival, ao que tamén, supón unha perda formativa e de experiencias para as nenas e nenos”, explican desde a Anpa.

Ademais, esixen que dea explica-

cións, “xa que hai 20 días estaba disposto a solicitar dita axuda, tendo todo o papeleo necesario para a solicitude e, unha vez pasadas as eleccións, negouse por completo a solicitala”, denuncian. Porén, desde a Anpa sosteñen que buscarán facer o campamento con outras axudas.

Os ex alumnos da escola unitaria reuníronse na súa tradicional comida

Os antigos alumnos da escola unitaria de Samos recuperaron a súa tradicional comida anual despois de ter que suspendela en 2020 por mor da pandemia.

Así, arredor de 25 persoas xuntáronse no gran comedor do restaurante A Veiga de Samos para pasar o medio día e a tarde compartindo lembranzas, segredos e moitas risas, despois de non verse en moito tempo.

Xosé Real, veciño de Samos, tamén participou neste evento e argumentou que o pasaron “moi ben, xa que viñeron compañeiros que viven en Valladolid, Asturias e outras partes



de España”.

Argumenta, ademais, que están “contentos por recuperar a tradición e volver xuntarnos todos nunha xor-

nada na que poñerse ao día de como lle vai a cada un dos compañeiros que compartimos aula de pequenos”.

O Incio será o promotor dun obradoiro dual sobre silvicultura

O Concello do Incio será este ano a administración promotora dun novo obradoiro dual de emprego para os Concellos do Incio, Bóveda e A Pobra do Brollón.

Na reunión celebrada participaron os alcaldes Xosé Lois Maceda (A Pobra do Brollón), José Manuel Arias (Bóveda) e Héctor Corujo (O Incio), así como a directora do obradoiro, Verónica Quintela; na que o obxectivo foi avanzar na tramitación dun novo obradoiro por parte da Xunta de Galicia.

Ao igual que o obradoiro actual, no que están a participar 20 alumnos cunha duración de 12 meses, a formación vai estar centrada na silvicultura e na recuperación de zonas verdes dos tres municipios. A maiores, explica Héctor Corujo, o Concello do Incio, que este ano será o promotor da iniciativa, “incluírá ademais a recuperación de elemen-

tos patrimoniais, como lavadoiros, a través de persoal municipal”.

Así, explica que o “traballo do persoal do obradoiro estará centrado en recuperar e manter zonas verdes de titularidade municipal, así como no mantemento de rutas de sendeirismo nos tres municipios implicados”, abunda o rexedor.

O obradoiro de emprego realízase co obxectivo de que persoas traballadoras desempregadas reciban cualificación profesional ao mesmo tempo que desenvolven un traballo de utilidade pública ou interese social.

Ao remate, os participantes recibirán un certificado de profesionalidade na especialidade de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría, complementado cun módulo formativo en operacións auxiliares en tratamentos silvícolas.

A LU-642 está a ser mellorada ao seu paso polo concello

Comezaron as obras de acondicionamento do firme da estrada LU-642 ao seu paso polo concello, onde o alcalde, Héctor Corujo, valorou positivamente esta inversión: “Creo que é unha inversión importante que nos permite mellorar a calidade das nosas vías. Esta estrada é unha das máis importantes do municipio, necesitábase reforzar o firme e volver a pintar as marcas que aran case inapreciables”.

Os traballos estanse a desenvolver nun treito de 2.620 metros de

lonxitude, entre os puntos quilométricos 17+150 e 19+770, entre a igrexa de San Pedro Fiz de Hospital e a ponte sobre o río Cabe en Trascastro,

Esta intervención, que ten como obxectivo reforzar a seguridade viaria, supón un investimento autonómico de preto de 140.000 euros. Para poder acometer as obras, habilitáronse carrís alternativo de circulación e sinalización provisionais ante as posibles interrupcións do tráfico.

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

C/ RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864
electronova@mundo-r.com

ELECTRONOVA
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMÉSTICOS

¡FELICES FIESTAS!

“Desde as institucións non se atende o patrimonio do Incio”

José Moscoso, presidente da AC As Cavarcas

Como nace ou por que xorde a Asociación As Cavarcas do Incio?

A asociación cultural As Cavarcas bota a andar no ano 2021 co propósito de conservar, recuperar e poñer en valor todo o patrimonio natural, histórico e cultural que sexa posible, dentro das limitacións que ten unha pequena asociación.

Había necesidade dunha asociación así no Incio?

Vemos que dende as institucións non se atende como se debería o patrimonio que os nosos antepasados non deixaron e cremos que isto pode e debe formar parte do progreso de lugares que están vendo como cada vez queda menos xente nas aldeas. A nosa intención é poñer o que se poida de maneira asociativa para que recuperar o patrimonio natural, cultural, material

e inmaterial (que é moito) do Concello do Incio.

Por quen está formada?

A asociación está formada por xente de todas as idades, principalmente veciñanza do Incio, pero tamén de concellos veciños como Bóveda ou Sarria, entre outros. Somos actualmente en torno a 40 socios e estamos abertos a toda a xente que se queira asociar. Poden poñerse en contacto con nós por medio do correo ascavarcas@gmail.com.

Onde se xuntan para ter as reunións?

Os cursos e xuntanzas realizámoslos no local multiusos do Mercado Gandeiro do Concello do Incio.

Que actividades ou iniciativas se organizan?



O pasado ano organizamos tres actividades concretas. Por unha banda un curso de enxerto e mantemento de castiñeiro, xa que a zona do Incio é moi rica en Soutos e parécenos que coa desaparición das xeracións máis vellas estase perdendo o coidado destas valiosas árbores. Tamén un curso de poda e mantemento de froiteiros e un curso de recoñecemento de fungos. Todos estes cursos foron impartidos por profesionais na materia e tiveron unha excelente acollida entre xente de todas as idades.

Algunha actividade que teñan pensada para estes meses vindeiros?

Estamos traballando para este ano en seguir na mesma liña para con-

seguir facer as mesmas tres actividades do ano pasado.

Tamén andamos na procura de fondos para a recuperación e posta en valor de dous enclaves singulares dentro do noso concello: os petróglifos dos Montes de Vilasouto e os antigos Caleiros de pedra calcaria na parroquia de Toldaos.

Teñen apoios institucionais?

Para as actividades polo momento contamos coa axuda económica da Área de Medio Rural da Deputación de Lugo. Recentemente asinamos un convenio coa responsable desta área Mónica Freire. Andamos tamén a procura de axudas en outras institucións como da Xunta de Galicia, do Grupo de Desenvolvemento Rural da Ribeira Sacra, etc.

As clases de zumba no Incio prolongaranse todo o mes de xuño

As persoas que asisten a clases de zumba no Concello do Incio celebraron unha cea de fin de curso para despedir o ano e compartir experiencias despois de meses xuntos nas actividades de baile e de música.

Debido á boa acollida que ten esta actividade no municipio inciao, as clases prolongarase durante todo o mes de xuño, polo que as persoas que queiran apuntarse, aínda poden facelo achegándose ao Concello para anotarse ou contactando a través do número 686 473 414.

A actividade zumba é unha disciplina fitness creada a mediados dos 90 enfocada por unha parte en manter un corpo saudable e pola outra, en desenvolver, fortalecer e dar flexibilidade ó corpo mediante movementos de baile combinados cunha serie de rutinas aeróbicas.

Dentro das súas rutinas son empregados ritmos latinoamericanos de popularidade rexional coma a salsa, o merengue, a cumbia, a bachata ou o reguetón.

KEKOS

ESCUELA INFANTIL

ESTA ESCOLA INFANTIL, XA É GRATUITA

ABIERTO PLAZO DE MATRICULACIÓN

CURSO 23-24

DE 0 A 3 AÑOS

UNA ESCUELA INFANTIL DE OTRO PLANETA

DEPUTACIÓN



Renovado o convenio con Acruga para a recría de xatas

A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega renovou o convenio que mantén coa Deputación de Lugo para a recría de animais puros na granxa Gayoso Castro. A institución provincial destinará 172.000 euros ao ano, durante as anualidades deste 2023, e de 2024, 2025 e 2026, co obxectivo de seguir apoiando á raza autóctona de carne. Este convenio tamén supón unha importante axuda para os gandeiros de raza rubia, aos que a asociación compra as xatas de poucos meses destinadas ao centro de recría da Deputación para, unha vez preñadas, ofrece-las en poxas aos gandeiros que se incorporan á raza ou aos que precisan de máis animais de calidade para a súa explotación. No últimos catro anos adquiríronse desta forma un total de 360 animais de alto valor xenético a criadores de Acruga.

A recentemente acordada renovación supón seguir un camiño que

comezou en 2007 coa firma do primeiro convenio, cando o centro de recría de Castro Ribeiras de Lea comezaba o seu funcionamento cun rabaño pequeno. Desde entón, con altibaxos debidos sobre todo a inmovilizacións do gando por probas de saneamento, a actividade na granxa e a venda de animais en poxas foron constantes, máis se se compara coas vendas e a evolución dos prezos doutras razas de carne a nivel nacional.

A colaboración entre Deputación e Acruga para formar ese denominado rabaño de elite comezou coa celebración de cinco ou seis poxas ao ano, mentres que nos últimos anos foron moitos os concellos da provincia lucense e tamén algún do resto de Galicia os que solicitaron este tipo de poxas coas que dar resposta á forte demanda.

Durante estes anos, non só aumentou o número de poxas celebradas cada ano, senón os prezos medios dos exemplares.

Invisten 2,1 millóns na mellora de servizos e infraestruturas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos por un importe que supera os 2,1M€ para a dotación e mellora de servizos públicos e infraestruturas dos veciños e veciñas da provincia, así como o apoio ao sector primario, a través da colaboración cos concellos e co tecido asociativo.

Por unha banda, saíu adiante a licitación das obras para a instalación do alumeadado e a renovación das redes de abastecemento e saneamento da estrada provincial LU-P-4401 ao seu paso polo centro urbano da Pastoriza. Estes traballos contan cun investimento provincial de preto de 340.000€.

A Deputación destinará ao Concello de Meira practicamente 134.000€ para a construción da cuberta da pista de pádel da localidade e 115.000€ ao Concello de Ribeira de Piquín para acometer as obras de humanización e mellora do espazo público contiguo ó Centro de Día e á escola vella en Chao de Pousadoiro.

Gracias á cooperación económica da institución provincial por preto de 100.000€, o Concello de Pedrafita do Cebreiro poderá mellorar a rede de abastecemento en San Pedro de Riorcereixa; e a seguridade viaria dos accesos ó mercado municipal; ademais de adquirir unha parcela urbana na Avenida de Castela e un equipamento para bombeo de auga en Liñares. Rivera Capón informou así mesmo da aprobación dun acordo co Concello de Trabada a través do que a Deputación aporta 115.000€ para a construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo

do municipio, actuacións de mellora neste mesmo espazo deportivo e a renovación dos servizos da rúa Joaquín Velasco.

Negueira de Muñiz recibirá practicamente 90.400€ de fondos provinciais para mellorar a vía municipal de Carballín a Bustelo.

Por outra banda, a Deputación destinará a Ribas de Sil un investimento de 115.000€ para a adquisición dun edificio na Praza do Ladrillo en San Clodio, a construción dun equipamento municipal para os vehículos do servizo de Medio Ambiente e a pavimentación de vías no núcleo de Nogueira.

O Concello de Ribadeo dispoñerá de 215.000€ para acometer a renovación do pavimento e a dotación de servizos na rúa Manuela Barreiro Pico, afirmou o Deputado, quen tamén explicou que o Concello do Valadouro contará cun investimento de case 100.000€ para acondicionar un aparcamento de autocaravanas, mellorar un camiño en Esteleiro, a pavimentación de accesos a Cabezán e a implementación da Rede LoRa, unha tecnoloxía para mellorar a conectividade no municipio.

CULTURA. Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno deu luz verde á achega de 15.000€ para a organización do evento Música Tradicional no Val e, tamén no Valadouro, a mesma cantidade, 15.000€, para a celebración da actividade Febreiro'23: Mes Gandeiro no Valadouro.

Así mesmo, a Deputación colaborará con 40.000€ na celebración do Esmorga Fest e con 15.000€ para o

Festival Vrao, no concello de Foz. Tamén relacionado coa cultura, o Concello de Muras recibirá 31.700€ da Deputación para a celebración da sétima Romaxe Artesá da Chaira, que terá lugar esta fin de semana, e a Homenaxe a Antía Cal.

SECTOR PRIMARIO. Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno aprobou colaborar coa Asociación Hijos del Divino Celo Rogacionistas, de Burela, cunha achega de 25.000€ para acometer o acondicionamento, reforma e equipamento dunhas vivendas para dotar á localidade e ao conxunto da Mariña dun espazo para emerxencia social.

Aprobou tamén colaboracións económicas con catro entidades que traballan neste eido. Así, a Sociedade Cooperativa A Carqueixa recibirá 16.000€ para sufragar os gastos da actividade Da granxa ao comedor. A Asociación de Criadores e Criadoras de Ovino e Caprino de Galicia (OVI-CA) contará cun apoio de 22.000€; a Federación Rural Galega (FRUGA), con 39.500€ para un programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos Viños da Indicación Xeográfica Protexida Terras do Navia; e a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta, 18.500€ para sufragar os gastos derivados do programa para implementar a garantía de orixe dos produtos de Porco Celta.

Tamén aprobou a licitación do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do río Rato por case 282.000€ e 24 meses, con opción de dúas prórrogas.

Achega á APEHL para a promoción turística e gastronómica

Asinou un convenio de colaboración co presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo (APEHL), a través do cal a institución provincial achega 40.000€ ao colectivo para levar a cabo diferentes accións na promoción turística e gastronómica da provincia.

Entre as accións que o colectivo levará a cabo coa achega da institución provincial está a promoción e difusión da marca ...E para comer Lugo, un lema que fai referencia a unha das grandes excelencias da provincia como é a súa gastronomía.

FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

CLÍNICA PODOLÓGICA maitelópezalonso

ESPECIALIZADOS EN
Podología Deportiva, Infantil
(Estudios Biomecánicos y posturales con análisis informatizados de la pisada en la marcha y la carrera)

Quirocirugías y Quiropodias
(uña encarnada, helomas, papilomas)

Ortonixia (corrección y reeducación de uñas encarnadas)

C/ Rosalia de Castro 3, Entlo A
Pueblo de San Julián_Lugo Frente al centro médico
C 982 543 978 - 688 901 978
maitelopez@yahoo.es

Nº R.S.C: 27-000688
Nº Colegiado: 838270878

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón o Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
Tel. 982 012 026

CAFETERIA Polo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

Matias Locanda

SERVICIO A DOMICILIO
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...

VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580



ELECCIÓN

O pacto PSOE-BNG renova na Deputación

Lograron a mesma porcentaxe de deputados que no 2019 aínda que o PP aumentou o número de votos e ten a maioría relativa

O momento máis intenso da xornada electoral estivo protagonizado polo recuento dos votos para o reparto dos deputados provinciais. Durante a práctica totalidade da noite, os votos daban a maioría ao Partido Popular de forma absoluta. Finalmente, dous erros detectados nunha mesa en Lugo e noutra en Castro de Rei deron a volta á situación deixando ao PP de novo con maioría pero a expensas da coalición PSOE e BNG.

Tanto PSOE como BNG recoñeceron o erro e confirmaron a situación, que tivo que ser revisada pola Xunta Electoral, que ao final fixo un recuento de todos os votos nulos da zona de Lugo, Sarria e Becerreá a petición do PP. Os resultados non cambiaron polo que o PP perde a maioría absoluta por unha escasa marxe. Polo tanto, a situación repítese con relación á anterior lexislatura. O PP contará con 12 deputados, o PSOE con 10 e o BNG con 3.

Por partidos xudiciais tampouco haberá cambios, xa que no de Lugo o PP ten o 50% (6), o PSOE 4 e o BNG 2. Nos concellos da Mariña son 3 para o PP, 2 para o PSOE e 1 para o BNG.

Nos distritos de Vilalba, Monforte e Chantada, que teñen dous deputados cada un repártense igual, cun socialista e outro popular. Rompe o equilibrio a montaña, que só ten un deputado e que é de cor vermella. O feito de que a Deputación se manteña igual non ten que ver cos resultados xerais que se produciron ao longo da provincia.

O descenso de votos totais do PSOE compense coa subida do BNG e o PP, e tamén coa baixada de Ciudadanos. Contamos, o partido que naceu nesta lexislatura para intentar xuntar votos suficientes para conseguir un deputado que servise de chave para formar goberno, non logrou reunir os sufraxios necesarios.


No partido xudicial de Lugo foi onde o PP estivo máis preto de lograr o último deputado que necesitaba grazas ao avance que tivo a candidatura de Elena Candia en Lugo. En Chantada tamén estivo preto de levarse os dous deputados en xogo.

RESULTADOS NA PROVINCIA. O PP obtivo a maioría en 41 concellos pero non gobernará en todos xa que esa maioría non é absoluta en todos eles, xa que en 10 non a ten.

Esta situación prodúcese por exemplo en Lugo, Vilalba, Viveiro, A Pastoriza, Samos ou Barreiros. Nestes casos espérase que se volvan editar os pactos de esquerdas para facerse coas diferentes alcaldías.


O PSOE ten a maioría absoluta en 17 e en 4 foi a lista máis votada e tamén dependerá de pactos.

Entre a marea de PP e PSOE tamén hai varias illas, como as do BNG, que obtivo a maioría absoluta na Pobra de Brollón e foi a lista máis votada en Muras. Tamén en Becerreá Contamos obtivo a maioría pero perdeu o control total do consistorio e Sarria Cami-



ña volveu ser a lista máis votada. Ambos quedan pendentes tamén de posibles pactos.

A cuarta forza a nivel votos na provincia sería Contamos, con 4.589 sufraxios. Os que quedaron fóra das corporacións na provincia foron Ciudadanos, con 1.699 votos; VOX, con 1481 e Podemos que se achegou aos mil.



ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM • 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo • 27600 • Sarria • Lugo

Talleres TITO

Carpintería metálica
Reparación de Maquinaria Agrícola y Carrocerías
Fabricación de material Ganadero

Polígono Industrial O Morelle, parcela 26, puerta A. Sarria
Tel.: 609 171 168

Catro grandes partidos

Claudio Garrido logra a maioría simple e agora terá que valorar se forma un goberno en minoría con apoios puntuais ou en coalición

O partido independente, Camiña Sarria, gañou as eleccións municipais na vila de Sarria ao conseguir o voto de 2.808 veciños e veciñas que depositaron a súa confianza en Claudio Garrido, actual alcalde do municipio, que afrontará o reto de gobernar Sarria outros catro anos máis, a súa segunda lexislatura. Eses 2.808 votos derivaron en sete escanos, un máis do que conseguiran nos anteriores comicios, en 2019, cando obtiveran seis e gobernaran xunto con Galicia Sempre, liderada por Benjamín Escontrela, que este ano foi o cabeza de lista do PSOE.

Desta maneira, o Partido Socialista sarriao, coa aposta en Escontrela, conseguiu un concelleiro máis este ano (3) que nas eleccións municipais de 2019 (2), cando se presentara como cabeza de lista a anterior alcaldesa, Pilar López. Así, desde o partido explican que “aínda que as expectativas eran máis altas, poñémonos a traballar desde xa para defender os intereses dos veciños e veciñas de Sarria”.

Con respecto ao Partido Popular de Carmen José López, que se presentaba por primeira vez a unhas eleccións, perdeu un concelleiro con respecto a 2019, polo que pasou de ter seis a cinco, así a alcaldable lamentou que “a pesar de subir en votos, non foi suficiente”.

Porén, argumenta que “quedo coa tranquilidade e a satisfac-



ción de levar a cabo unha campaña limpa, coherente e seria, polo que debemos sentirnos orgullosos por iso, por todo o vivido e polo agarimo de todos os que apoiastes a esta candidata novata”. Así, agradeceu ao seu partido “arrouparme e permitirme formar parte desta experiencia impresionante e, por suposto, a toda a candidatura que aceptastes acompañarme neste gran reto”.

Con respecto ao BNG, Efrén Castro, que xa se presentara como cabeza da lista nacionalista nos anteriores comicios, conseguiu 1.081 votos, o que se traduciu en dous concelleiros, os mesmos que acadaron nas anteriores eleccións municipais de 2019. Así, desde o BNG defenden que “trala análise dos resultados, cremos que son os mellores resultados obtidos polo BNG nunhas eleccións municipais en Sarria”. Porén, recoñecen “que nos esperabamos mellores resultados despois de todo o traballo feito, cremos que merecíamos máis apoio,

pero os resultados son o que son”. Así, coa mesma ilusión coa que enfrontaron as eleccións, sostén que “seguiremos traballando por Sarria”.

Pola súa parte, nin VOX nin Ciudadanos, que se presentaron nestes comicios, obtiveron representación. No caso do partido laranxa, o cabeza de lista, José Manuel Bello, sostivo que “as sensacións que tivemos xa en campaña foron boas; a xente parecía que tiña reciprocidade, pero si que foi un condicionante preparar unha candidatura en pouco tempo”, explica.

Despois de ver o resultado, expuxo que “estamos un pouco decepcionados, pero por outro lado contentos, porque aínda foron 342 sarriaos os que nos votaron”. Así, confesa que “eu cría que podiamos chegar á Alcaldía, pero ao final non se puido, xa que os grandes partidos de sempre utilizan os seus métodos para conseguir os máximos votos posibles e nós quedamos sen concelleiro por 50 votos”, sentenza.



Os voceiros de cada partido

Concelleiros

- Claudio Garrido Martínez CAMIÑA
- Reyes Abella García CAMIÑA
- Félix Seijas Fernández CAMIÑA
- María Eugenia Valcárcel CAMIÑA
- César No Cortiñas CAMIÑA
- Borja García López CAMIÑA
- Ana Isabel Vergara López CAMIÑA
- Carmen José López Rodríguez PP
- Ricardo Arias Alvarado PP
- Diana García García PP
- Marcos López Sánchez PP
- Jesús Rodríguez Martínez PP
- Benjamín Escontrela Díaz PSOE
- José Manuel López Torre PSOE
- Diego López López PSOE
- Efrén Castro Caloto BNG
- Mónica López Rodríguez BNG



Muebles Celeiro
A TÚA OFICINA NA CASA

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Crt. Lu546, km16) Sarria - Lugo
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

CARNICERÍA Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

Segundo mandato do PP


A pesar dos esforzos de Carme Aira, cabeza de lista do BNG no Incio, o partido non conseguiu ningún concelleiro na corporación municipal

No Incio, o Partido Popular aumentou o seu poder en detrimento do Partido Socialista e o BNG.

Das 1.403 persoas censadas no municipio, 1.208 foron as que se animaron a botar a papeleta na urna, o que supón un 86,10 %, e desas, 673 elixiron a bandeira azul, mentres que 436 optaron pola vermella. Do resto, só 90 persoas apostaron polo partido nacionalista.

Estes datos tradúcense nun aumento dun concelleiro para os populares con respecto aos comicios do 2019, cando obtiveron 5 concelleiros e este ano teñen 6. Este aumento fixo que caeran os concelleiros dos socialistas en 3.

Héctor Corujo, que encabeza a lista do Partido Popular e que afrontou nesta lexislatura o seu primeiro



mandato, obtivo así a maioría absoluta, que estaba nos 5 concelleiros, coa que fará fronte a estes catro novos anos de proxectos, entre os que destaca “consolidar ao concello como referencia nas políticas de desenvolvemento rural”.

Pola súa parte, Laura Celeiro, cabeza da lista do PSOE e exalcaldesa do Incio desde 2011 ata 2019, non



conseguiu recuperar a Alcaldía, sobre a que sostivo que “na etapa na que os socialistas gobernamos o Concello do Incio, impulsamos proxectos como a Ruta do Mamut e dos Castros, que naceu para dar a coñecer o noso patrimonio paisaxístico e histórico”.

Con respecto ao BNG, a candidata Carme Aira sostivo que “foi imposi-



O alcalde, Héctor Corujo, xunto aos membros da súa candidatura



ble entrar”, pero séntense orgullosos de facer “unha campaña limpa, seguiremos a traballar polo Incio dende o lugar no que a veciñanza

Concelleiros

- Héctor Manuel Corujo González PP
- Ramon Dositeo Mourelo López PP
- María Mayra Freán Freán PP
- Antonio Rodríguez López PP
- Goretti Díaz Armesto PP
- Sandra Fernández Gandoy PP
- Laura Celeiro García PSOE
- José Amador Rodríguez López PSOE
- Iria López Rodríguez PSOE

nos puxo e a meta é manter activo o grupo, seguir en contacto coa poboación e dentro de 4 anos seguir intentándoo”.

Duodécima lexislatura

O Partido Popular restou un concelleiro con respecto ás eleccións de 2019, pero iso non impediu que lograse acadar a maioría absoluta

José Manuel Mato converténdose nun dos rexedores máis lonxeiros de Galicia; conseguiu de novo maioría absoluta nas eleccións municipais de 2023 con 5 concelleiros, un menos que nas de 2019, pero os necesarios para gobernar en solitario.

Dos 1.292 votantes, 674 persoas elixiron ao Partido Popular, o que supón un 52,57 %, mentres que foron 598 as persoas que votaron ao PSOE. Con estes resultados tan similares, finalmente a balanza inclinouse do lado azul, na que José Manuel Mato, despois de 45 anos



seguidos sendo alcalde de Paradela, conseguiu, unha vez máis, a maioría absoluta para gobernar. Porén, a aposta do PSOE en Iván Castro, que se presentaba por primeira vez



ás eleccións, fixo que conseguira aumentar o número de votos nestes comicios, polo que acadou un concelleiro máis. Así, os socialistas puxeron en valor “a gran subida que



Equipo de traballo do Partido Popular

nos deixa nunha situación privilexiada de cara as seguintes eleccións”. Con respecto ao vindeiro e xa perfectamente recoñecido José Manuel Mato, este propónse “facermos algo novo en Paradela en cada mandato”. Así, explicou que “nestes últimos catro, construíuse o viveiro de empresas” e, de cara á nova etapa, intentará completar

a traída de auga a todos os núcleos, así como poñer en marcha un proxecto turístico vinculado ao Camiño de Santiago.

Concelleiros

- José Manuel Mato Díaz PP
- María Montserrat Mulet Sar PP
- Jesús Pablo López González PP
- Ana Belén López Álvarez PP
- Hugo Pérez López PP
- Iván Castro Díaz PSOE
- Sara Arias López PSOE
- Kevin José Gayoso Vázquez PSOE
- Verónica Rodríguez Rodríguez PSOE



¡Unika os desea un feliz San Juan!

Unika

¡CIENTOS DE ARTICULOS EN MODA, CALZADO Y COMPLEMENTOS A 10€, 15€ Y 20€

TEL.: 982 831 610

Síguenos: Instagram, Facebook, Tik Tok

ESTAMOS EN PLENO CENTRO, FRENTE AL GADIS • RUA DA LIBERDADE 44

ADARVE

DESAYUNOS - TAPAS RACIONES

Calvo Sotelo 211, 27600 Sarria / Tel.: 982 886 818


Rexedora nacionalista

O panorama político de Samos, no que o alcalde socialista pasou ás listas do PP, fixo que os cidadáns apostaran polo BNG e o Partido Popular

En Samos, onde hai 1.133 persoas censadas, foron 1.011 os veciños e veciñas que decidiron depositar o seu voto, o que supuxo o 89,23 %. Deses porcentaxe, o 43,05 % votou ao PP en 431 votos, o que lle supuxo ser a forza política máis votada e o que se traduciu en 4 concelleiros.

Pola súa parte, o 29,27 % votou ao BNG, 293 persoas que apostaron por Chus López e que lle fixo gañar 3 concelleiros. Mentres, o PSOE foi a forza política menos querida polos samoenses, xa que só 211 votaron aos socialistas, o 21,07 %. Así, conseguiron 2 concelleiros.

Con estes resultados, podemos dicir que Miguel Gallego, candidato á Alcaldía polo Partido Popular e fillo do actual rexedor, Julio Gallego; conseguiu a vitoria en Samos, pero non



acadou a maioría absoluta, xa que ten 4 concelleiros e a absoluta chégase con 5.

Por isto, cos dous concelleiros do PSOE de José Antonio García Jurjo e os tres do BNG de Chus López, poderíase conformar un goberno formado por un bipartito de esquerdas, acadando con eses 5 concelleiros

unha maioría absoluta.

A posible próxima alcaldesa de Samos, Chus López, cabeza da lista do BNG, sostivo que “estamos moi contentos co resultado obtivo e queremos agradecer sobre todo aos veciños e veciñas de Samos todo o seu apoio, tanto dentro como fóra das urnas”.



María Jesús López do BNG



Concelleiros

Miguel Gallego Saavedra PP
Martín Chaos Carballo PP
Marisol Orille Díaz PP
Martín López Quiroga PP
María Jesús López López BNG
José Manuel López Préstamo BNG
Nagarí López López BNG
José Antonio García Jurjo PSOE
José Manuel Campo López PSOE

No caso de Miguel Gallego, este defendeu que as “sensacións tralas eleccións son boas, xa que levantei un partido que estaba en declive e

obtivemos o mellor resultado dos últimos 16 anos”, defendeu. Porén, di que o resultado “resultou decepcionante porque íamos a pola maioría”.

Maioría absoluta para López

O actual rexedor repetirá como alcalde do concello paramés pero baixo as siglas do PP, facendo desaparecer Todo Polo Páramo, pero tamén o PSOE

O actual rexedor do Páramo, José Luis López, que goberna baixo o partido independente Todo Polo Páramo, gañou as eleccións municipais de 2023 á cabeza do Partido Popular, integrado por militantes populares e parte do equipo que trau consigo do partido independente.

Así, das 1.008 persoas que votaron, 543 depositaron a papeleta azul na urna, o que lle supuxo 6 concelleiros, conseguindo a maioría absoluta para poder gobernar independentemente dos apoios que poida ter.

O actual alcalde, José Luis López, quixo agradecer a participación e o apoio dos veciños e veciñas do Páramo e sostivo que “estamos moi contentos da resposta da xente do Páramo”.

Mentres, a segunda forza máis votada foi o partido independente conformado este ano con Gumersindo Rodríguez Liz, exalcalde do Páramo e cabeza de lista no partido político Alternativa Veciñal polo Páramo, que acadou 318 votos e 3 concelleiros. Gumersindo Rodríguez foi alcalde do Páramo durante 36 anos e nas eleccións de 2019 presentouse como número dous da lista do PP, porén, despois de que José Luis López anunciara a súa candidatura polo PP,



Concelleiros

José Luis López López PP
Benjamín García Toirán PP
Verónica Arias López PP
Ana Castaño Doce PP
César Gay Chousa PP
Encarnación García López PP
Gumersindo A. Rodríguez Liz AVPP
Iván Rodríguez Losada AVPP
Gonzalo Liz López AVPP

Gumersindo tomou a decisión de ir por libre.

En contraposición, tanto o PSOE como o BNG, os outros dous colectivos que se presentaron como forzas políticas nas eleccións municipais do Concello do Páramo, non conseguiron ningún edil. Así, o PSOE en-

cabezado por José Manuel Gayoso acadou 80 votos e o BNG de Marta Portero 52.

Desde o PSOE “informamos aos veciños de que, a pesar de non contar coa súa confianza, imos seguir traballando polo Páramo que temos na cabeza”.



Candidatura do PP do Páramo

Muévete a BigMat viñas

982 530 060
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m² de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

Quinto mandato de Piñeiro

Nas eleccións municipais deste ano 2023, o socialista conseguiu mellores resultados que nas de 2019, acadando un concelleiro máis

O Partido Socialista de Láncara, encabezado unha vez máis por Darío Piñeiro, foi elixido por maioría absoluta pola veciñanza lancareña, que depositou 932 votos socialistas nas urnas.

Así, Piñeiro renova o seu mandato no municipio da comarca sarriá, cargo que ostenta desde o ano 2007, cando gañou por primeira vez as eleccións polo Partido Socialista.

Con respecto a 2019, conseguira 6 concelleiros e nos deste ano aumentou o seu éxito cun concelleiro máis, 7, pasando a barreira da absoluta.

Así, seguirá sendo alcalde, como o leva facendo desde a lexislatura de 2007, arroupado polos socialistas. Así, quixo agradecer aos lancareños "confiar en min, no meu traballo e na miña ilusión de que Láncara siga crecendo e vai crecer". Por ou-



tra parte, o PP acadou 500 e o BNG 248. Estes datos materializáronse en 3 concelleiros para o PP, un menos que nas eleccións de 2019, e un para o BNG, polo que o panorama do goberno lancarés queda case igual que estaba.

Olga Capón, cabeza da lista popular en Láncara e filla do histórico rexedor da localidade, Eladio Capón;



presentábase por primeira vez como alcaldable e, tralos resultados, quixo dar grazas "o compromiso, a valentía do equipo do PP de Láncara, que fará todo o posible para que o noso Concello non se quede atrás".

Pola súa parte, Iago Bande, candidato do BNG en Láncara, manterá a súa concellería para seguir á fronte da oposición en Láncara.



Darío Piñeiro no centro da imaxe



Concelleiros

- Darío Piñeiro López PSOE
- Pablo Rivera Capón PSOE
- José Manuel García Aldegunde PSOE
- Emilia Fernández Seijo PSOE
- Miguel Rodríguez Abad PSOE
- Diego Balboa Amado PSOE
- Alba María Sangil De Andrés PSOE
- Olga Capón Moreno PP
- Marcos Míguez Martínez PP
- Luis Miguel Losada Matos PP
- Iago Bande Cortizo BNG

Reafirmación popular

A popular, Olga Iglesias Fontal, repetirá como rexedora do Concello de Triacastela, que desde 2011 encadea maiorías absolutas

A actual alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, seguirá catro anos máis á fronte dun municipio no que hai censadas 559 persoas, das que votaron 496, un 88,72%, e menos de 500 votos repartidos en dúas forzas políticas tradicionais: o Partido Popular e o Partido Socialista.

Así, os populares, guiados por Olga Iglesias, acadaron 5 concelleiros representados por 322 votos dos veciños e veciñas triacastelás.

Mentres, os socialistas de Miguel Ángel Fernández obtiveron o apoio de 155 persoas, o que lles supuxo



perder un concelleiro con respecto ás eleccións de 2019 e quedar con 2, polo que ese que perderon foi para o Partido Popular, que gobernaba con



maioría absoluta ata 2017. Olga Iglesias quixo agradecer a todos os veciños que depositaron a confianza nela e defende que traballará



Partido Popular de Triacastela con Olga Iglesias no centro

en tres eixos: o Camiño Francés, a política social e as infraestruturas. Ademais, "esperamos mellorar as traídas da auga, así como construír unha zona de solo industrial", sostivo Iglesias.

Pola parte do socialista, Miguel Ángel Fernández, que actualmente é concelleiro e que xa exerceu o car-

go de alcalde do municipio durante doce anos, di que estará na oposición "para promover a construción dun Centro de Día e poñer ao día as contas do Concello".

Concelleiros

- María Olga Iglesias Fontal PP
- Bautista Arias Pombo PP
- Óscar Fontal Caldeiro PP
- Luis López Arias PP
- José Manuel Gayo Fontal PP
- Miguel Ángel Fernández López PSOE
- Mónica Fernández Díaz PSOE



COLABORACIÓN

O metaverso no ensino

O PUPITRE



Julio Díaz

Levo semanas escoitando, día a día tamén, que si intelixencia artificial, ciberespacio, avatares dixitais... e despois de traer xa ao meu "pupitre" temas como ChatGPT, os grupos de whatsapp e outros, decidín ir un pouco máis alá e adentrarme no metaverso e no seu impacto no ámbito do ensino e da formación virtual.

Aínda que o "metaverso" pareza algo novidoso, o seu concepto existe desde fai moito tempo; xurde por primeira vez na novela de ciencia-ficción *Snow Crash*, de Neal Stephenson, publicada aló polo ano 1992. Neste libro, o autor fala do internet do futuro, ao que denomina "metaverso" e o

define como un ciberespacio de realidade virtual onde se pode experimentar unha segunda vida a través de avatares dixitais.

Os expertos consideran o metaverso como unha ferramenta que pode mellorar o ensino – aprendizaxe, pero que o seu uso require do perfeccionamento da tecnoloxía, dun amplo e fácil acceso a ela, da creación de contidos inmersivos e de modificar o papel dos docentes, entre outros moitos aspectos.

As posibilidades que para a educación abre esta tecnoloxía son ilimitadas. Permite aproximarse a contidos imposibles nua aula tradicional, a colocarse en situacións extremas, evitando deste xeito participar en experiencias de alto risco. Imaxínate que os nosos alumnos poidan vivir un incendio incontrolable desde o corazón do mesmo, participar en rescates en situacións extremas ou mesmo

explorar desde dentro o corpo humano cunhas simples gafas de realidade virtual. Así, o metaverso permítenos aos docentes promover a aprendizaxe a través da experiencia; mantén aos nosos alumnos motivados e atentos, aumentando a súa participación, eliminando ao mesmo tempo as fronteiras do espazo e da distancia para que os nosos rapaces teñan unha maior interacción.

Un recente estudo da Universidade Oberta de Cataluña identifica catro eixes potenciais do metaverso no entorno educativo. O primeiro, transformar os modelos, contidos e procesos de enseñanza – aprendizaxe. O segundo, adecuar a oferta e a demanda educativa, abordando as brechas dixitais. O terceiro pasa por rediseñar entornas, roles do alumno – profesor e a avaliación. O cuarto e derradeiro, sería o que se

refire a implementar no ensino os modelos baseados en ecosistemas formados polos nosos socios no proceso educativo, como poderían ser as empresas tecnolóxicas e outras institucións.

O reto que nos expón educar nos metaversos é precisamente imaxinar experimentando con ferramentas e propostas educativas creativas, arriscadas e innovadoras, así como deseñar materiais lúdicos, á vez que educativos, que sexan adecuados e atractivos para esta nova xeración dos nosos alumnos que está crescendo con linguaxes inmersivos e interactivos dos videoxogos e das redes sociais.

Debemos saber que educar no metaverso non está exento de riscos e problemas e, de feito, son varios os inconvenientes e limitacións, como por exemplo, o uso de cascos e gafas de realidade virtual, como dis-

positivos mellor preparados para situarnos "dentro" do entorno educativo dixital xerado, resultan en moitos casos, incómodos e, aqueles máis ergonómicos e que informaticamente ofrecen mellores prestacións son obviamente moito máis caros. Así mesmo, como xa aconteceu no pasado, na "primeira realidade virtual", poderíamos dicir, o uso deste tipo de dispositivos durante longos períodos de tempo poden producir desgaste ocular, dores de cabeza, mareo e mesmo vómitos producidos por intentar introducir o mundo simulado no noso campo visual desde as gafas de realidade virtual.

"O potencial do metaverso está en consideralo como un complemento nos procesos educativos, que nos permiten dar resposta a temas como o acceso a contidos e contornas nas que a inmersión nos aporta un gran valor".

Volvemos ás andadas

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nin máis nin menos. Parecía que a situación no campo galego, especialmente no relacionado coas explotacións gandeiras de leite, estaba tranquila. Ano e medio despois das últimas protestas, motivadas polo de case sempre, é dicir, o baixo prezo que se lles ofrecía aos produtores por parte das industrias lácteas, volvemos por enésima vez escoitar as mesmas reclamacións por parte dos afectados. Estase a falar que a proposta dos novos contratos leva consigo unha baixada do dez por cento a partir do primeiro de abril, o que fará aínda máis insostible a situación de centos de granxas no País. A consecuencia verámosla cando se analice a evolución das mesmas, onde se indicará que o seu número é inferior ao do ano anterior, co que iso significa nas zonas rurais, especialmente naquelas onde o sector ten unha importancia capital, como é a Terra Chá.

As organizacións sindicais e asociacións que representan os intereses do colectivo anuncian mobilizacións. Xa vimos e estamos a ver de novo nas rúas tractores e pancartas

con frases reivindicativas que nos resultarán familiares.

É idéntica cantinela tamén a observamos nos gandeiros de vacún de carne. Como sentenciaba un dos centos de produtores que se estaban a manifestar: Meu pai gañaba máis cartos hai corenta anos con vinte vacas que gaño eu con sesenta cabezas. Está todo dito.

Voltamos ás andadas, xa que os custos de produción disparáronse nos últimos tempos. Por un lado, as cotizacións á Seguridade Social; como traballadores autónomos que son, cada ano están a subir, independentemente que os beneficios sexan escasos ou nulos. Polo outro, a maldita invasión rusa a Ucraína derivou nun

incremento exponencial do cereal que resulta imprescindible para alimentar o gando. Nesta mesma columna, meses atrás facíase fincapé neste problema. No noso País deberíamos ter capacidade para cultivar suficiente cereal sen necesidade de impórtalo de terras tan lonxanas, pero aquí o lema reiteradamente escoitado era que non compensaba. Pois aí temos o resultado. E finalmente, a pesar de que o consumidor nos supermercados está a pagar tanto o leite como a carne cada vez máis caros, estas subas non están a repercutir naqueles que inician o proceso, é dicir, os gandeiros.

O agro esmorece, aínda que isto non é novo, xa que o leva facendo

máis de trinta anos sen que ningún sexa quen de mudar esa tendencia. Causa graza, aínda que non teña ningunha, organizar debates sobre o futuro do campo galego. Expertos e entendidos falan e falan, cheos de razón, con propostas e ideas para reverter a situación. Pero en realidade non visualizamos solucións, máis ben todo o contrario. Inconcebiblemente a pesares das boas intencións e de moito discurso teó-

rico, na práctica continuamos con esta tremenda desfeita. O sector agrario e gandeiro en Galicia, coa importancia que ten desde diversos eidos, que van desde o económico ata o cultural e sociolóxico, atópase en cuidados intensivos. E precisa de remedios efectivos e eficaces, non de tanta palabra, da cal viven algúns, pero non os gandeiros, quen viven do seu traballo, ou iso pretenden. Igual ca todos.

STIHL

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202.

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo) • Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

DEPORTES

A Sarriana e O Incio ascenden

Os sarriaos conseguiron o ascenso a Terceira Federación tralo partido coa Residencia, e O Incio Terra Brava sobe a Segunda Galicia

A SD Sarriana conseguiu o ascenso a Terceira Federación despois de enfrontarse no derbi provincial contra o equipo SDC Residencia de Lugo nun partido no que a Sarriana conseguiu un punto por riba, 2-1, no seu campo, a Ribela.

Desde o club destacan que é “algo histórico”, xa que é un dos poucos equipos do grupo Preferente Norte que nunca estivera en Terceira, polo que “por fin se fixo xustiza”, argumenta Josito López, coordinador da Sociedade Deportiva Sarriana.

O que máis valoran deste ascenso foi poder facelo na casa, coa afección, cos socios, patrocinadores e colaboradores; así como con toda a comarca de Sarria, que se volcou co club e participou deste evento, no que estiveron na grada centos de persoas apoiando un derbi que “foi complicado”, explican.

INCIO. O equipo do Incio Terra Brava CF conseguiu o ascenso a Segunda Galicia despois de enfrontarse na fase final e eliminatoria dos *playoff* de ascenso contra o SD O Páramo, co que quedou empatado no partido de ida.

Así, neste encontro, que tivo lugar no campo municipal Carboeiro, do Incio, os xogadores Marcos Vila e Eduardo marcaron un gol cada un na segunda parte, dando a vitoria ao Incio, que tamén soubo dixer un gol de Hugo Gallego, xogador do SD O Páramo durante a primeira parte.



O equipo, adestrado por Jonathan Lombardía, conseguiu así a súa vitoria diante dunha afección que defendeu aos seus xogadores con pancartas de apoio.

ALEVÍNS. O equipo Alevín A da SD Sarriana quedou subcampión da Copa Deputación de Lugo despois de enfrontarse ao SD Viveiro na categoría Alevín no campo do Corgo o pasado sábado, 27 de maio.

Desde a organización deportiva sosteñen que a fase final da Copa

Deputación “foi moi competitiva en todos os partidos que se celebraron” e explica que “segundo iam pasando de cuartos á final, incrementouse moito a competitividade dos equipos”.

Así, sosteñen que os partidos estiveron “moi igualados pero polo espírito e garra que sacaron os nosos, fíxonos chegar á final contra o SD Viveiro”. En resumo, argumentan, “foi unha xornada de fútbol moi feliz polo ambiente e a boa amizade de todos os equipos participantes”.

“Esta temporada foi todo un éxito”

Josito López é o coordinador da SD Sarriana

Como foi esta etapa?

O tempo que levo á fronte da coordinación, a primeira delas a pasada tempada, foi difícil de xestionar porque aínda tiñamos múltiples restricións pola pandemia e supuxo unha carga de traballo engadida á habitual. Esta tempada foi un éxito tanto de forma cuantitativa en número de nenos como cualitativa no aspecto deportivo e persoal. Incorporamos nenos e nenas con gran potencial para un curto-medio prazo. Isto condúcenos a que todos os adestradores e preparador físico, todos eles con gran disposición e compromiso lévanos a unha continua melloría dada igualmente a implicación e formación dos mesmos. Temos un magnífico equipo de traballo, todos sumamos e imos na mesma dirección o que nos leva a ter un recargado ambiente.

Cal é a valoración do traballo realizado nestas dúas tempadas?

O traballo non foi doado. Na primeira tivemos que poñer todo en marcha en plena pandemia e houbo que poñerse ao tanto e facer unha previsión de inscricións. Facer os equipos non é nada fácil, pero finalmente deu o seu froito porque o prebenxamín quedo primeiro clasificado na segunda fase de grupos e os equipos da categoría de infantil e cadete disputaron



a fase de ascenso a liga galega. No ámbito deportivo esta tempada foi todo un éxito que o xuvenil ascende a liga galega, esta entidade deportiva ten que ser un referente a nivel provincial. Si podo deixar claro que temos unhas xeracións que veñen pisando forte.

Que obxectivos hai?

Que o traballo de cada unha das tempadas dean o froito de tantos adestramentos que veñen realizando. En fútbol 8 debemos primar a formación tanto a nivel deportivo como a nivel de valores e hábitos. Tamén é necesario formar un equipo sénior B para dar saída aos xuvenís para que teñan cabida todos os xogadores da comarca de Sarria. Este é un paso importante para dar maior proxección aos xogadores da comarca e que poidan continuar a súa carreira co fin de chegar ao equipo sénior A.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



TRIACASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

Varias xogadoras do CB Sarria acadaron dous campionatos galegos en diferentes categorías

Tres xogadoras sarriás participaron no Campionato Autonómico nas categorías sub 13, sub 15 e sub 17 organizado por primeira vez pola Federación Galega de Baloncesto, que se dividiu en dúas fases que abriron paso a participar aos seus gañadores no Campionato de España 3x3. Lúa López Tallón e Rosa Díaz Ogbebor, pola súa parte, xogan no CB Sarria, no equipo preinfantil Casa Barbadelo dirixido por Maísa López, recentemente proclamado campión galego a principios de maio en Culleredo; e estas formaron equipo con dúas compañeiras da Selección Galega, ademais doutras compañeiras para presentarse á convocatoria da FEGABA baixo o nome de As Castrexas.

Así, o 28 de maio alzáronse co Campionato Galego celebrado en Ourense, co que Lúa e Rosa conseguían o seu segundo Campionato Galego en menos dun mes.

Situación similar é a vivida por Noa López Tallón, irmá de Lúa.



Noa, xogadora da selección galega da súa categoría, formou equipo con compañeiras de preselección e selección galega e o equipo fíxose co Campionato Gallego ese mesmo día en Ourense.

Desta maneira, ao gañar o campionato galego de 3x3, serán as Seleccións Galegas Ou13 E Ou15 que representarán a Galicia no Campionato de Seleccións Autonómicas de 3x3 que se celebrará os próximos 24 e 25 de xuño en Blanes (Xirona).

O Xirandela conseguiu sete ouros no XXII Torneo Vila de Sarria de Ximnasia Rítmica



O 23 de maio tivo lugar o XXII Torneo Vila de Sarria de Ximnasia Rítmica que reuniu a máis de 300 ximnastas de diversos clubs galegos, así como a afección que encheu o pavillón.

Desde o club din que “todo saíu como esperabamos”, polo que agradecen a todas as persoas que estiveron presentes “o apoio aos colaboradores, pais, nais adestradores e ximnastas que fixestes que isto fose posible”.

As categorías de Cadete Nivel B, Iniciación Escolar, Benxamín A Escolar, Alevín A Escolar, Infantil Escolar, Cadete A Escolar e Senior Prebase (4º) conseguiron a medalla de ouro.

En canto ás medallas de prata, os equipos que as conseguiron foron Iniciación Nivel B, Alevín nivel B, Alevín B Escolar e Cadete B Escolar. Por último, con respecto aos bronce, conseguíronos o Prebenxamín Nivel B e o Benxamín B Escolar.

70 deportistas participaron no torneo Pitch&Putt celebrado en Sarria

O torneo de golf da Clasificación Galega de Pitch&Putt da Federación Galega de Golf reuniu a un total de 60 golfistas.

Este torneo puntúa directamente para a Clasificación Galega de Pitch&Putt da Federación Galega de Golf, o que significa que os resultados obtidos polos xogadores terán un impacto directo na súa clasificación na devandita clasificación, que dá acceso a representar a Galicia en campionatos de ámbito nacional.

O campión da proba foi Jorge Rodríguez Sarmiento, do Real Club de Golf de Montealegre (Ourense), cun resultado de 48 golpes. En segunda e terceira posición quedaron os irmáns Simón Gómez Arnejo e Antón Gómez Arnejo, ambos os xogadores juniors de Barbanza Golf (Boiro), con 50 e 51 golpes respectivamente. O mellor xogador local foi José López Méndez, cun resultado de 55 golpes.

Os Meigallos FS organiza o seu torneo os días 17 e 18 de xuño

Os vindeiros 17 e 18 de xuño terá lugar outra edición do Torneo Meigallos de fin de temporada, no que poderán participar equipos de prebenxamín a xuvenil.

As persoas e equipos interesados en inscribirse poderán facelo a través de redes sociais, correo electrónico: osmeigallos@yahoo.es, e nos números de Violeta 630

432 756, de María 639 341 528, de David 628 084 508 ou de Poy 636 044 28.

O ano pasado participaron máis de 500 nenos divididos en corenta equipos que se achegaron da provincia de Lugo, A Coruña e Pontevedra e celebrouse nos catro pavillóns polideportivos do municipio, ao igual que este ano.

O Santos do Páramo clasificouse para o Campionato Internacional de Dardos

Un equipo de dardos do Páramo clasificouse para o Campionato Internacional de dardos de Andorra, despois de conseguir ser campións da liga presencial de Lugo 2023, no nivel 3.

O equipo Santos, formado por Miguel, José, Alejandro e Verónica; viaxará os días 3, 4 e 5 de novembro a Andorra xunto con outros tres equipos galegos, O Molino de Monterroso, no nivel 1; os Monotécnicos da politécnica, no nivel 2, e o Clube de Dardos Tres Monos, no



nivel 2.

Desde o equipo queren agradecer ao propietario do Bar Santos, local no que se xogaba a liga de dardos,

por acoller a final da liga, na que “gañamos todas menos unha”, sostén Miguel, do equipo, que leva 13 anos xogando aos dardos.

Novo videomarcador para o pavillón José Mario González

O pavillón municipal José Mario González de Sarria contará cun videomarcador cuxa compra e instalación correrá a cargo da Deputación. O deputado de Deportes, Efrén Castro, explicou que “a achega de 22.000 euros será para renovar o marcador electrónico, que modernizará e mellorará as prestacións do recinto municipal”.

O novo marcador, cunha pantalla maior que o actual, reflectirá o tempo e resultado dos partidos e funcionará tamén como soporte multimedia para proxectar imaxes.

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2. Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

GESA ENERGIA

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!
982 876 681
sarría@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

El principal comercializador de energía 100% galega. Concedido en 1991 por parte do goberno.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de XENERA

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Pazo Casa Grande de Láncara

Un lugar histórico e exclusivo de Galicia situado en pleno corazón da vila da Pobra de San Xulián

O Pazo Casa Grande de Pobra de San Xiao, en Láncara, é da época medieval, en concreto do século XIV, e está construído unicamente con pedra, madeira e lousa.

Cunha superficie de 2.500 metros cadrados, está rodeado por unha gran leira en que se atopan cortes, cortellos, fornos, adegas, almacéns de gran e pombais; todo iso protexido por un muro de pedra. A arquitectura dos pazos era campesiña e monástica e adaptaba os elementos construtivos a todas as necesidades da vida.

O pazo atópase en perfecto estado de conservación e da súa construción destaca a característico torre de pedra pola súa antigüidade e o seu aspecto rústico.

Á esquerda da construción, incluída a torre, atópanse as estancias que se usaban para os nobres do pazo, para uso exclusivo dos señores da propiedade. Pola contra, o persoal de servizo do pazo vivía coa súa familia na zona dereita, con escaleiras e entrada independente da zona nobre principal e da entrada a cocinas e despensas, sen afectar a esa vivenda.

No patio central destacan os arcos de entrada e as escaleiras que dan acceso á área principal. Pola súa parte, a balconada central, sobre o portalón de entrada, está forxada con ferros das minas do Incio xa explotadas no medievo.

ESTANCIAS DO PAZO. Nesta edificación, cobra especial importancia a cocina de leña coa súa lareira e a despensa independente onde se desalaba e expoñían os xamóns, ti-

ras de chourizos, morcillas e roxóns que se obtiñan nas matanzas de porco que se facían anualmente. Nesta estancia duns 200 metros cadrados, está equipada con todos os útiles necesarios para realizar os procesos das matanzas.

Por outra parte, na estancia de apeiros almacenábanse e gardaban útiles e ferramentas de traballo e labranza que se utilizaban na agricultura e coidado do gando.

No celeiro era onde estaba e onde se limpaba o gran de millo e unha das máquinas que se usaban, consérvase en bo estado. Mentres, a adegas é un reflexo dos tempos de descanso de labregos e gandeiros que traballaban para o Pazo.

Con respecto aos cortellos, naquela época destinábanse a albergar o nacemento e crianza de poldros e tenreiros e, unha vez superada esa idade de crianza, pasaban aos cortellos xerais ou cortes fóra, onde gardaban carruaxes.

Ademais destas estancias, o pazo

tamén acolle a capela, salóns, biblioteca, galería de estar, comedor principal, dormitorios e servizos.

CAPELA. A capela do Pazo, que naqueles tempos asentábase en comunicación coa casa, goza de permisos de sete Papas da Igrexa católica de Roma para oficiar misa e ter exposto o Santísimo Sacramento, ademais dunha reliquia da Santa Cruz.

Nela, atópanse grandes pinturas que representaban as distintas etapas do Vía-Crucis cara ao Calvario, como tamén retratos de personaxes relacionados con este Pazo.

USO E PROPIEDAD. Este Pazo Casa Grande foi totalmente autónomo grazas á agricultura e gandería que se levaba a cabo nas terras da súa propiedade e foi respectado durante a guerra dos Irmandiños entre agricultores, campesiños, gandeiros e a aristocracia medieval.

En canto á propiedade do pazo,

orixinarmente foi de D. Luís Fernando Quiroga e Piñeyro, casado con Dña. M^ª Eugenia Ferro das Heras; e sempre estivo en mans dos devanceiros da familia Quiroga a través de personaxes ilustres e de relevancia social e política.

Os actuais propietarios do Pazo doaron ao pobo, a través do Concello de Láncara, toda a extensión e recintos da feira, unha superficie onde aínda se celebran con as feiras quincenais que caracterizan a cultura rural de Galicia.



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es